

BASES DO CONCURSO DE CARTEL

FOLIÓN CASTREXO 2025 – CELANOVA

TEMA

O cartel deberá representar de maneira libre e creativa o espírito do Folión Castrexo.

PARTICIPACIÓN

- Pode participar calquera persoa interesada, agás membros da organización.
- Cada participante pode presentar ata 3 obras, sempre que sexan inéditas e orixinais.

TEXTO E FORMATO

O cartel debe incluír obrigatoriamente o seguinte texto:

XII+I FOLIÓN CASTREXO - CELANOVA

9 DE AGOSTO DE 2025

- Tipografía obrigatoria: RoxboroughCF
- Tamaño: A3 (29,7 cm x 42 cm)
- Resolución: 300 ppp
- Formato de envío: JPG

PRESENTACIÓN

- O envío debe facerse por correo electrónico a: folioncastrexo@gmail.com
- No correo hai que indicar:
- Nome e apelidos
- Localidade
- Número de teléfono
- Correo electrónico

Data límite de envío: 6 de xuño de 2025

Confirmarase a recepción por correo electrónico. Se non se recibe resposta en 5 días, recoméndase contactar de novo.

TÉCNICA

- Técnica libre.
- A obra gañadora deberá entregarse tamén en formato editable (PSD, FH, etc.).
- Non se aceptarán obras xeradas completamente por intelixencia artificial.
- Non se admitirán carteis con imaxes alleas sen dereito de uso.
- Só se aceptarán obras orixinais e non presentadas noutros concursos.

PREMIO

- O cartel gañador recibirá un premio económico de 150 € en forma de cheque regalo para gastar nos locais asociados a Celanova CHEA.
- Será a imaxe oficial do Folión Castrexo 2025.

XURADO

- Composto por profesionais da arte e o deseño
- fallo do xurado será inapelable e anunciarase o sábado 20 de xuño de 2025.
- premio poderá declararse deserto se os traballos non acadan a calidade esperada.

EXPOSICIÓN E DEREITOS

- A obra gañadora poderá exhibirse e reproducirse sen retribución adicional.
- A Asociación Castromao poderá utilizala en calquera soporte promocional.
- Poderanse facer axustes técnicos menores para impresión.
- O cartel deberá ser asinado polo/a autor/a antes da súa publicación final.

ACEPTACIÓN

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases.

CELANOVA, 11 DE MAIO DE 2025

